CURSO 23-24 Nº 4

# A VOZ DO ALBORADA

*Contamos máis sobre o corazón*




## O CORAZÓN DO ALBORADA SOMOS TODAS E TODOS

**O noso corazón estivo moi presente neste curso. Vivimos experiencias, contamos relatos e protagonizamos historias.**









BIBLIOTECA CREATIVA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

A VOZ DO ALBORADA

# EDUCACIÓN INFANTIL

*Contamos máis sobre o corazón*

## Unha etapa chea de recordos



**DESPEDÍMONOS DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL"**

O 9 de setembro do 2021 subímonos ao TREN do Alborada coas profes Mari e Paula como maquinistas desta viaxe que está a punto de rematar.



Algúns dos compañeiros e compañeiras que comezaron con nós esta aventura, tiveron que coller outro tren e outros e outras subíronse a el máis tarde, pero todas e todos fixemos posible que fose marabillosa.

Despois de superar o primeiro curso de infantil, convertímonos en protagonistas da vida do centro e das nosas aulas a pesar de ter todavía catro aniños, e decubrimos que "NÓS TAMÉN CONTAMOS", e moito.

No curso que agora remata, sendo xa os maiores da etapa, abrimos o noso CORAZÓN, emocionándonos ao máximo cada día, e o despedimos coa ilusión de que a nova etapa que comezaremos en setembro sexa, alomenos, igual de especial que a que agora remata.






**6ºA E 6ºB DE EDUCACIÓN INFANTIL**

# Coñecemos a nosa horta



4º EDUCACIÓN INFANTIL

Neste curso os nenos e nenas de 4º de EI, coa axuda de Laura, a nosa xardineira, traballamos moito na horta,. Plantamos brócoli, caléndulas, acelgas, espinacas...

Coidamos as plantas, aprendimos os seus nomes, as súas partes e desfrutamos moito cando recollimos a nosa colleita.

# Unha visita histórica

5º EDUCACIÓN INFANTIL

Os nenos e nenas de 5º de E.I visitamos un montón de lugares no terceiro trimestre. Entre todos eles estiveron o Fórum Metropolitano, O Monte de San Pedro e o Parque de Bens que visitaremos como saída de fin de curso.

Unha das saídas que máis lle gustou ó alumnado foi a visita a Mª Pita, esta supoñía unha pequena viaxe en autobús (unha aventura que todos están agardando ansiosamente), no cal visitamos un lugar emblemático da nosa cidade: A Praza de Mª Pita.

Nesta visita fixemos moitas actividades grazas ós/as monitores/as que nos explicaron a historia da nosa cidade mediante xogos de diverso tipo; xogos divertidos que nos fixeron entender un pouco máis cómo se desenvolveu a loita entre dous bandos. Por un lado estaba a nosa cidade, encabezada por Mª Pita, contra os ingleses, encabezados por Francis Drake coa a súa Armada de 180 barcos.






BIBLIOTECA CREATIVA
Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Un día como reporteiros

SAÍDAS ESPECIAIS

O alumnado de primeiro visitou o acuario, aquí a súa reportaxe.


Aventura no Acuario

Nun día chuvioso na cidade da Coruña os nenos de 1º do cole Alborada foron á casa dos peixes.

Mentres exploraban os diferentes tanques e observaban as criaturas mariñas no seu hábitat natural. Os nenos viron a Gastón.

-Mirade a Gastón! -dixo Paula, señalando emocionada ao tiburón.

Con curiosidade os nenos achéganse a Gastón, observando os seus movementos.

-Credes que Gastón nos entende? -preguntou Lucas cos ollos cheos de asombro.


As profesoras observaban con cariño mentres os nenos interactuaban co tiburón ancián. Aínda que non puideron merendar no acuario como tiñan planeado, a experiencia de coñecer a Gastón e explorar o mundo submarino foi moito máis gratificante do que tiñan imaxinado.

Explorando o Acuario viron unha exposición única: a colección de esculturas de animais mariños feitas con lixo atopado no mar.


Eran moi bonitas e transmitían unha mensaxe sobre a conservación da vida mariña.

Ao final do día, mentres se despedían do acuario sabían que seguro ían volver.

Nunca esquecerían a emoción de coñecer ao magnífico tiburón e a alegría de explorar o misterioso mundo do océano en compañía dos seus amigos de clase.

ALUMNADO 1º A e B

1º A E 1º B DE PRIMARIA

# Visitas e despedidas

2ºA E 2ºB DE PRIMARIA

O alumnado de segundo informan da visita máis especial do curso e dunha triste despedida.

A VOZ DO ALBORADA

## Unha noticia

Despedida da conserxe Sonia no colexio Alborada



despedida de Sonia

O 30 de abril todo o colexio saleu a os corredores para despedir a conserxe Sonia que despois de 10 anos deixa o colexio para ir ao concello

## Unha noticia

A VOZ DO ALBORADA

Unos jabalis entran en el colegio Alborada



DISPARAN UN DARDO TRANQUILIZANTE A LOS JABALIES

El 10 de abril se cuelan otra vez dos jabalies en el colegio Alborada. La policia tuvo que tranquilizarlos para poder capturarlos por suerte no causaron ningun daño.

A Voz do Alborada

## Unha noticia

Unos jabalies entraron en el colegio alborada



El 10 de abril se volvieron a colar dos jabalíes en el colegio alborada. la policía tubo que tranquilizarlos para poder capturarlos. Por suerte no causaron ningún daño.


LA TIGRESA GRETA
LA TIGRESA GRETA
• NACIÓ .
• LOS LA CUIDARON .
• AHORA .
NICO



# *No CEIP Alborada trabállase dun xeito diferente*

Alumnos de terceiro e cuarto no Ámbito de Letras-Radio

3º E 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

No CEIP Alborada trabállase por Ámbitos. Hai cinco Ámbitos: Ciencias, Matemáticas, Stem, Letras-Radio e Arte. Os Ámbitos empezaron a funcionar no segundo trimestre.

A Infantil e 2o Ciclo de Primaria tócalles os martes; e a 1o e 3o Ciclo de Primaria, os xoves. Os ámbitos realízanse fóra das aulas: aula de Ciencias, aula de Matemáticas, aula de Stem, Biblioteca-Radio e aula de Arte. No 2o Ciclo as mestras responsables son Iria, Maite, Paola, Loli e Malena.

# *A hora de lecer invade todos os espazos do centro*

3º E 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

No colexio do CEIP Alborada na hora de lecer o alumnado pode xogar en moitos espazos diferentes: na biblioteca, nas mesas do corredor, nas clases cando chove, no patio, no patio cuberto e nas pistas. Na biblioteca pódese xogar cos legos e xogos de mesa; nas clases e nos corredores, con xogos de mesa; no patio, ao brilé, balonmán, bádminton, baloncesto e fútbol; no patio cuberto pódense cambiar cromos, pintar, xogar ao pin-pon e facer escalada no rocódromo.



***Alumnado de 3o e 4o xogando nas mesas do corredor***

# *O CEIP P. Alborada está cheo de profesorado misterioso*

3º E 4º EDUCACIÓN PRIMARIA



A principio de curso comezou o xogo dos "Mestres misteriosos". O xogo consiste en desenmascarar ao mestre misterioso a partir de oito pistas. Cada xoves varios alumnos de 4o van a Radio Sito a grabar as pistas coa axuda do profe Manu e os venres podémolas escoitar todos. Este xogo permítenos coñecer moitas cousas curiosas dos nosos mestres e mestras.

# *O alumnado de terceiro e cuarto en FAF*

3º E 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Os alumnos e alumnas do CEIP Alborada están en boa forma física porque, ademais de facer Educación Física dous días á semana, tamén teñen unha hora de Fomento da Actividade Física (FAF), xogan no recreo a moi diferentes deportes, como bádminton, balonmán, baloncesto, fútbol e outros deportes máis, e fan camiñatas pola contorna do colexio. Silvia e Manu son os responsables da boa forma física do Alborada.



***Alumnado de 3o e 4o xogando nas mesas do corredor***

# EDUCACIÓN PRIMARIA

*Curso 23-24 nº 4*

## O ALUMNADO DE 5º E 6º EP COMPARTE AS SÚAS ACTIVIDADES



*VISITA AO PARLAMENTO*



*CORRELINGUA*






*FORMACIÓN EMOCIONAL*




*CINEMA*




*LECTURA NA UDC*







*CONCIENCIADO CO COIDADO DO MEDIO AMBIENTE E COA VIDA SOSTIBLE O ALUMNADO PARTICIPOU NA LIMPEZA DE PRAIAS E REALIZA OS DESPRAZAMENTOS AS SAÍDAS ESCOLARES CAMIÑANDO*

BIBLIOTECA CREATIVA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

**O ALUMNADO DE 5º E 6º EP**

# NOTICIAS BREVES

A mestra MALENA realizou con gran éxito o primeiro taller de ALBOLES o alumnado aprende a tocar o UKELELE e pronto teremos un concerto



.





No ámbito de Letras fixemos moitas entrevistas ao alumnado . Aqui tedes algunhas das respostas que nos chamaron a atención.

**P**:Como sería o teu compañero/a ideal?

**R**: Amable,divertido e que saiba escoitar

**P**: O teu mestre/mestra ideal?

**R**:Unha persoa que escoite ao seu alumnado ,que sea divertido e non poña deberes

**P**:que pensas dos ámbitos?

**R**: que é unha maneira divertida de traballar



## UNHA PISCINA NO PATIO

O claustro xunto coa directora están valorando poñer unha piscina na pista azul aproveitando que sempre está inundada pola choiva.

O alumnado de 3ºCICLO estará atento e informará por se finalmente esta nova se confirma.



**Traballo de investigación**

**OS NOSOS COMERCIOS FALAN GALEGO????**





***FOTÓGRAFOS***

***EXPOSICIÓN DE HELMUT NEWTON***

**REDACTORES EN "EL IDEAL GALLEGO"**



# PROXECTO INTEGRAL DE CENTRO

*Curso 23-24 nº 4*

## O CORAZÓN







*VISITA do cardiólogo*
*Dr Xacobe Flores*






***coidamos a alimentación***






*LECTURAS CON CORAZÓN*



**CORAZÓN EN MOVEMENTO**
**CORAZÓN SANO**






*CONVERSAS*
*CON CORAZÓN*






*COIDAMOS A SAÚDE*
*DO NOSO CORAZÓN*
*BIOLÓXICO E DO NOSO*
*CORAZÓN EMOCIONAL*









# O MUNDO ALBORADA

*Contamos máis sobre o corazón*

## LETRAS GALEGAS 2024

### LUISA VILLALTA

é unha das poetas máis importantes das nosas letras e unha das máis comprometidas coa nosa lingua .Para ela o galego era unha maneira de ser e de estar.








Celebramos as letras




REAL ACADEMIA GALEGA

LETRAS GALEGAS 2024

PALABRAS DE LUÍSA VILLALTA

A amizade* ten flor que rebenta nas paredes,
sobrevive da podremia mutua
e só precisa das fiestras abertas
onde nace e se deita o sol de dentro.
Compartir as cordas de tender a roupa
vibrantes de emoción e de necesidade
por aquelas cousas que a auga da vida
non dá lavado, pola dor que as esfrega...

*Papagaio*, 2006

*Sentimento de afecto e confianza entre persoas que son amigas.

A mellor maneira de celebrar é compartir.

Lecturas de Luísa Villalta co alumnado do IES Elviña

## BIBLIOTECA ESCOLAR












*Grazas a nosa biblioteca desfrutamos de*
*RADIO ESCOLAR*
*LECTURA E FAMILIAS*
*LECTURAS COMPARTIDAS VISITA DE ESCRITORAS*

## CLUB DE LECTURA

Pracenos compartir que os Clubes de Lectura “Sementes Lectoras” e “Medrando” seguen a ter un gran éxito







Equipos de Dinamización da Lingua Galega

BIBLIOTECA CREATIVA

A VOZ DO ALBORADA

# O MUNDO ALBORADA

*Contamos máis sobre o corazón*

## CLUB CIENCIAS CHIO

O noso club segue en marcha cos experimentos do ámbito científico e unha fantástica visita á feira de Innovación.






## ERASMUS

Este curso colaboramos cunha escola de Rumania **Sfanta Maria de Timisoara** Realizando Cianotipias






Orgullosas de estar en Europa

## ÁMBITO STEM









## POLOS CREATIVOS

***Grazas ao traballo no Ámbito Stem e o material de Polos Creativos o noso alumnado mellora na súa Competencia Dixital***

## FOMENTO DA ACTIVIDADE FISICA



A mellor maneira de moverse:
xogar e camiñar cos amigos e amigas .

## HORTA ESCOLAR

O noso alumnado traballa na horta o coñecemento da Alimentación saudable e o consumo sostible . Todo está moi rico!!!!!!!





Equipos de Dinamización da Lingua Galega

BIBLIOTECA CREATIVA

A VOZ DO ALBORADA

# O MUNDO ALBORADA

*Contamos máis sobre o corazón*

## ÁMBITOS EDUCATIVOS

Este curso no noso centro tivemos unha grande novidade no proceso de Ensino-Aprendizaxe.

**“ÁMBITOS EDUCATIVOS”**

- ÁMBITO CIENCIAS
- ÁMBITO MATEMÁTICO
- ÁMBITO STEM
- ÁMBITO LETRAS-RADIO
- ÁMBITO ARTÍSTICO-PLURILINGÜE

Nas entrevistas ao alumnado comenta :

- É unha maneira moi divertida de aprender
- En eles coñezo a moitos máis amigos e amigas
- Xa coñezo a todos os mestres-mestras
- O meu preferido é o de Stem
- Gústanme pero tamén me gusta estar na miña clase
- Aprendemos sen estudiar

O profesorado despois dos nervios dos primeiros días móstrase contento co cambio ainda que o seu traballo viuse aumentado con este cambio metodolóxico.

Seguiremos avanzando cara o cambio en busca dunha ensinanza que mellare a Competencia do noso alumnado.

Despacio pero seguros do éxito.






ámbito stem





ámbito matemático









ámbito ciencias




ámbito letras-radio








ámbito artístico-plurilingüe





BIBLIOTECA CREATIVA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# O CEIPP. Alborada di adeus a outra promoción

MOITA SORTE NA NOVA ETAPA




RESPECTO Á NATUREZA
RESPECTO AOS NOSOS IGUAIS
RESPECTO A NÓS MESMOS
RESPECTO ÁS EMOCIÓNS, SENTIMENTOS
E
RESPECTO AO DEREITO A SER EU, TI, NÓS



A COMUNIDADE EDUCATIVA DIXO ADEUS A NOSA CONSERXE SONIA QUE INICIOU UNHA NOVA ETAPA LABORAL

MOITA SORTE!!!!